

MARUXA DO RUEIRO 1/2

O LOITO E AS MISAS EN BRETAL



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0004_001_en_0_00_01_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0004_001_en_0_00_01.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Entrevista 1/2
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
DURACIÓN: 0:13:39

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA:** 29/12/1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/aldea/ barrio:** Bretal
 - Parroquia:** Olveira (Santa María)
 - Concello:** Ribeira
 - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTE:**
 - Nome:** Maruxa do Rueiro
 - Data de nacemento:** 1942, en Bretal
- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

Esta gravación é a primeira parte da entrevista a Maruxa do Rueiro que continúa no rexistro: MPG_GaRo_0004_001_en_0_00_01.mp3 con id3739.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Nota da recolla achegada pola compiladora:

O día 29 de decembro de 1998 ás seis da tarde vou á casa de Maruxa do Rueiro, as dúas subimos ao primeiro piso da súa vivenda, na que ten acesa a cheminea; alí transcorre ata as nove e media da noite unha tarde moi fermosa, na que as dúas mulleres vamos falando das nosas lembranzas. Ela dirame cando me deixa gravar e cando non.

Non está na gravación pero eu nese momento tiven unha reflexión. A nai, neste caso María, é a protagonista principal da casa; os fillos entran e saen, pero diríxense á súa nai buscándoa na casa e dicindo, aínda que só sexan dúas palabras: “chego e voume preparar para ir de cena”, di a filla. Eu sentín a importancia do papel da muller no referente do mundo doméstico, e incluso do enclave entre o espazo doméstico e o público, xa que ela sabe os itinerarios da xente da casa.

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Conversa sobre a morte, as misas polos defuntos e unha posible premonición da morte. Nesta primeira parte fálase da morte e das misas polos defuntos. No medio a informante introduce diversas aclaracións sobre a súa familia e a da investigadora Rosa García Orellán.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

Loito mulleres misas defuntos morte



TRANSCRICIÓN

Rosa: *Oye*, actualmente na aldea o que leva *luto* ou así *luto*, *luto* eh vamos, (...) *sin nombrar a nadie*. *Entonces*, actualmente na aldea, as mulleres que... como poñen o *luto*? Por que *personas* poñen?

María de Lema: Polos maridos, polos pais, polos fillos. E párase de contar salvo algunha excepción, que *pudo* haber por aí, pero non, esas tres, familiares. *Bueno*, en canto aos maridos, hai moitas... varía moito, pode ser de dous anos, pode ser tres, pode ser dez ou doce.

R.: Actualmente?

M.: Actualmente, *bueno*, máis ou menos, pero xa non tantos. Normalmente pois tres ou catro anos. E polos fillos, pois como non é habitual que morran...non, non é normal, o máis normal é que poñan os fillos polos pais non os pais polos fillos. De todas formas, eu xa comentamos hai tres anos, morreran aquí sete *chavales* nun ano, *tuvéramos* un *homenaje*, un *homenaje* na parroquia. *Entonces*, todas as nais iguais, eran así, moi *xóvenes*, as nais máis ou menos da miña *edá*, *entonces* pois *esto*...

R.: De que morreron?

M.: Todos de accidente, todos de accidente.

R.: En un ano eh?

M.: Todos nun ano. E houbo algúns que [non se entende] días. Todos de accidente: un foi un accidente laboral, outro un accidente de tráfico, outro matouno, matouno un coche, estaba fóra do instituto unha *chavala* e veu un furgón e quedoulle unha perna enganchada. *Entonces* todas estas nais e estas fillas. Eu penso que esas mulleres que son da miña *idade* non o sacan máis porque foi un impacto moi grande, a Chelo que terá as fillas *solas*, ata me parece acordar, que che *salga* un *chaval* da casa para o instituto ou para o traballo e que che veña a *cachos*, foi un impacto moi grande. Non creo que o quiten, de momento, *hasta ahora*, as catro nais que están de *luto* cerrado, aquí na [non se entende] cinco de Sirves e dous de Bretal...[non se entende].

Pero e, cando unha *persona* pon *luto*, así porque lle *sale* non, por, porque, porque non é capaz de, é porque o sinte na alma; *entonces* non es capaz, non es capaz de, [non se entende]. Pero cando a *persona* se, porque hoxe non andan, hoxe non andan, non andan polo, polo que dirán, normalmente é polo que sinten. Eles fano conciencia [non se entende]. Eu penso, eu [non se entende], *ahora* todo con máis *sinceridad* [non se entende] e pola *autoridad*. Pois había, había ah, había as familias, as ditaduras que se metían en todo non era *solamente* [non se entende] tiñas un pouco de tal [non se entende] e nas familias o *mismo*. [Non se entende] non creas que nas familias era todo democracia, non creas que nas familias era todo democracia, sempre, sempre eh, na miña e máis nas que eu *conozco*, pero normalmente [non se entende], pois dicía o pai *esto*, e non dixeras ti porqué, porque *lo manda Dios* e punto; digo *esto* e está dito e despois, había que poñer *luto* e andar dereita, *si* había que poñer *luto* había que poñer *luto*, antes facíase



mais pola, por *costumbre* e porque tiñas que obedecer, despois a xente xa máis polos *sentimientos* é porque había cousas [non se entende].

R.: estás falando de que o *luto* recae nas mulleres, homes nada, ningún.

M.: *Sin embargo* eh, son costumes moi, o home unicamente, pon se un fillo por *ejemplo*; senón non se é unha *persona* maior que aínda arrastra a *costumbre*, senón non. *Eso* é o que eu non me explico, porque o *luto* e das mulleres e dos homes non. Porque *ahora*, aínda *ahora*, *ahora mismo* o *luto* é das mulleres. Os homes, home, se te vistes e vas un pouco elegante a un sitio calquera pos unha *corbata* en vez de poñer a en *tonos azules* ou verdes ou *rojo* ou de facer *conjunto* ca camisa pos pos unha camisa *blanca* e unha *corbata* negra, pero nada máis. Pero, despois todo o asunto é para as mulleres, nada máis, *eso é verdad*, *eso é* outro asunto das que eu non entendo.

R.: A ver, respecto ás misas.

M.: Si, *ahora*, si antes había moitas compañías e moita xente claro, antes non había diñeiro, non se daban misas e os defuntiños tal. Viñan por aquí, a contar cousas de *leyendas* de que, se contaban, mira *ahora* non hai, non dighas ti, que non hai, porque a Compañía que fai, ás veces, Aitana nos medios de tal, non hai os contos ao pé do lume; hai dos outros contos de San Pedro, Santa María, tal. Pero, eu penso que antes había máis dos que estaban, bastantes máis do que dos que *sean*. Pois, dábase unha misa pois dábase mil pesetas por unha misa ou o que *sea* ou *quinientas* ou tal, colles e dálas misas.

R.: *Bueno*, cando se dá a misa a xente vai a oíla.

M.: A xente vai oíla misa, claro.

R.: Pero ti, ti pensas que antes como non había cartos *iban*, oían, polo problema económico.

M.: Antes, como a xente non tiña cartos, *iba* a oílas, era un problema económico, *eso* como oía eu. Eu practicamente, eu nunca din misas *hasta ahora* porque os meus taban todos vivos, polos antepasados de meus pais pois facíanas eles, eu non daba nada, eu, eu son, eu son polo que oíó, por experiencia nada, experiencia pois *ahora*. Eu *ahora* por meus pais dou misas, unha misa cada mes, tódolos meses, pois unha misa, por miña nai e meu pai, e o día do santo deles tamén. *Bueno*, non *solamente*...

R.: O santo ou o *cumpleaños*?

M.: Máis ben o santo, e o *cumpleaños* tamén, pero máis, máis o santo, días *especiales*. *Bueno*, claro para días *especiales*. Hai un listón de misas que non hai forma.

R.: Hai unha lista de espera que parece a do médico. (Risadas das dúas mulleres).

M.: *Eso é verdá*.

R.: Xa ma *enseñou* Francisco, eh.

M.: *Enseñoucha?* *Bueno*



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R.: *Enseñoume a agenda*, mira que lista de espera. Un mes ou máis, máis, máis.

M.: Máis, máis.

M.: Eu cando vou pagar unha xa apunta a outra, porque si non xa nada.

R.: Mira, pois si, si.

M.: Pois logo hai cousas que *bueno*, que veñen cargada os defuntos, que *bueno* hai un tema [non se entende] a miña *soghra*, que vivía en Barcelona, que morreu, morreu e está alá dáselle unha misa e punto. E un tema moi serio e eu mandei, e eu mandei que a enterrara [non se entende].

Os meus pais, non é por eles, é pola miña situación. Non sei, eu vou ao *cementerio*, eu vou ao *cementerio*, e paso, e paso, por un panteón, e vexo que está o panteón *vacío*, *sin nada*, parece unha *persona abandonada*, parece que. A min unha flor, non fai falta que *sea de lujo*, nin que, unha simple rosa que collas por aí pola, por aí indo pao *cementerio*, desas rosas, desas flores *salvajes* que hai por aí. Colles un, un, algo, que queres que esa *persona* estea no teu *recuerdo*. A min, mira, nós alá en Olveira, de aquelas había moita *costumbre* de, *ahora* hai uns panteóns moi bonitos e tal, [non se entende] lévolle sempre, as cousas son como son non sei se é por principios ou se é por [non se entende]. Eu teño [non se entende] unha *persona*, unha *persona* que vexa a meu pai enterrado na terra, [non se entende] e cousa que antes *ibas* a Olveira e alí practicamente moi pouca xente hoxe en día, tal.

R.: E cando vas ao *cementerio* a levar flores tamén paras un pouco co...?

M.: Eu, en, en Olveira, os panteóns que estaban na terra, sempre lle preparaba a terra onde estaba eu, importábame un *comino* que non fora unha cousa de *lujo*, como. Eu *iba* por papá, alí estaba papá, como se *estuvera* nun *estercolero*, alí estaba el. Tanto lle levaba antes que estaba na terra como *ahora* que temos un panteón de moita repinpance [sic], antes non había, antes non había sitio, antes *aunque tuveras* medios económicos, non podías facelo porque non había sitio ningún, tal como está alí, na terra como está *ahora*, non tiñas. *Aunque puderás* compralo, non podías, tal.

(Hai unha interrupción dunha das súas fillas, que chega de Santiago. Saúda á súa nai para dicirlle que vaia a unha cea e que se cambia de roupa).

M.: E *eso* das, das, misas, é unha cousa que hai moitas [non se entende] xa vai pola terceira *generación* [non se entende]. *Ahora* o das misas, xa é algo arraigado e máis aquí en Galicia en todos os sitios, [non se entende]. Eu coñezo moita xente. Aquí viñera un *fraille*, que agora deixou de vir porque está en enfermo ou non sei o que era, [non se entende] eu acordo del [non se entende].

R.: Un das misións, non?

M.: Un *fraille*, era de [non se entende], el daba moitas misas de aquí e dicía que por aí adiante que non daban misas. As misas que daban que ían polas parroquias [non se entende], que



non falaban de misar, [non se entende] e pero non tiñas *costumbre*, *costumbre* coma aquí.[non se entende]. Aquí as misas, máis ben, en *Galicia* e eu non sei se en todos, máis ben por aquí, non sei si será en toda Galicia, pero por aquí, por aí adiante pois non, mándallas facelas aos outros pero non, non dan misas [non se entende]. (...) Non te preocupes que *eso* non é caro, non vas quedar sen cartos. Eu meténdome con ela e tal. E eu *ahora*, pois ás veces, son catro persoas, que están, que están mortas [non se entende] toda a súa vida e pola vida que eles vivían e tal [non se entende].

R.: Son da súa familia?

M.: Moi amighos, *bueno*, uns eran pero outra, era unha señora casada e con fillos. Unha señora casada, [non se entende], pero realmente está [non se entende], aínda que nos coste, aínda que faga un burato na carteira, non todos podemos estar no *mismo* saco, [non se entende]. Realmente está, esa xente era, realmente boa, [non se entende]. Eu non lle fixen nada, [non se entende] pero se a fixera case [non se entende].

(Agora, volve a interromper unha das fillas)

Segue en MPG_GaRo_0004_002_en_0_14_09